




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Arousa. Municipio: Pobra do Caramiñal. Parroquias: Santa Cruz de Lesón ao oeste, e Santo Isidro de Posmarcos ao leste; e nunha pequena área en Santiago do Castelo. Extensión: 9,01km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Relevo marcado polos vales dos ríos Lérez e Pedras, que tras percorrer a chaira litoral en dirección sur, únense entre as Puntas Gaivoteira e Saleira orixinando un pequeno estuario. Ao fondo da unidade, estes ríos penetran nas aliñacións montañosas da Serra do Barbanza escavando profundos vales que aproveitan as liñas de fractura. As pendentes alcanzan frecuentemente valores superiores ao 40 % nestes vales encaixados.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A maior parte da unidade atópase incluída nas rochas metamórficas -xistos e paragneises- de Idade precámbrico-silúrica, pertencentes ao Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas. Pero, as vertentes sueste e sur da Curota, así como os canóns dos ríos Salgueiros e Barbanza, e a ladeira este do canón do Río Pedras, incluíndo as elevacións traseiras aos mesmos, desenvólvense nun granito hercínico de dous micas de gran medio e grosso con megacristais. Aparecen varios enclaves de granodiorita biotítica con megacristais de Idade tardihercínica nos límites sur, leste e centro-oeste da unidade. No cuaternario só se pode destacar, a esta escala, a existencia dun enclave aluvial sobre o Río Lérez, entre a área do Carballal e o lugar do Pumariño.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Transición climática de costa a interior relacionada co incremento da altitude. A franxa costeira forma parte do ambiente climático Cálido e Húmido definido por temperaturas medias anuais superiores a 15°C e precipitacións acumuladas de entre 1200mm e 1400mm ao ano; a amplitude térmica media anual oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C. A vertente recibe maiores precipitacións que aumentan progresivamente até alcanzar os 1800mm nos altos do Armelo e Salgueiro, que forman parte do dominio Moi Húmido e Temperado xa que a temperatura media é algo máis baixa situándose entre 13°C e 14°C e a oscilación térmica rolda os 14°C.

#### OS SOLOS

Vertente costeira na que se distinguen dúas partes ben diferenciadas desde o punto de vista edáfico. A franxa costeira de pendente máis suave está formada principalmente por cambisols dísticos e nela aséntanse os núcleos de poboación e as actividades agropecuarias. Cara ao interior, na metade occidental, os desniveis son máis acusados e por iso os chans están menos desenvolvidos, orixinando umbrísols dísticos con aptitudes forestais que en sectores escarpados tan só chegan a regosols ou leptosols líticos.


#### AS AUGAS

Unidade estruturada a partir da conca do río Lérez, ao que se lle une polo noroeste, a subconca do río Pedras. Ambos contan cunha boa irrigación procedente das ladeiras surorientais da Serra da Barbanza. No primeiro destacan os afluentes: arroio da Portela, de Batán ou das Fervensas; mentres que no segundo poden citarse os arrosos de San Xoán, do Salgueiro ou o río Barbanza. O pequeno estuario que forman ambas as canles na desembocadura entre as puntas Saleira e Gaivoteira, atópase incluído dentro da masa de Augas Costeiras da Pobra do Caramiñal (20160).

#### O PATRIMONIO NATURAL

Pertence á IBA Contorna Mariña das Rías Baixas. Costa de desembocadura fluvial dos ríos Lérez e Pedras, na que destacan os bancos intermareais e submareais areosos e/ou fangosos pertencentes aos ambientes 1110 e 1140. Unha pequena marisma (hábitats do grupo 13) dá paso a dous corredores ecolóxicos degradados pola presión urbanística rururbana. Non son extensos os prados hidromorfos. Existen bosques de ribeira nos dous ríos principais (91E0), pero en moitas ocasións mestúranse con especies non autóctonas e de xardín, principalmente canto máis próximos están á fronte costeira. As partes altas achegan lugares interesantes. Aos estreitos bosques de ribeira dos canóns fluviais é necesario engadir as matogueiras secas (4030, breixais secos europeos), xunto con algúns sectores deprimidos de breixais húmidos (4020) que poden presentar, nas cimas do Barbanza, pequenas turberas de esfagnos (grupo 71). Bo desenvolvemento dos ambientes rochosos con vexetación casmofítica (grupo 82).

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

A unidade está dividida pola vía AG1.1 do Barbanza, a zona sur máis baixa e suave en relevo está formada por un armazón de parcelas de uso agrícola con vivendas asociadas a ese uso e manchas de bosquetes salpicadas por todo o val que forman as concas dos ríos Lérez e Pedras. Ambos ríos desembocan nun pequeno estuario coa praia de San Isidro na desembocadura dos mesmos. Tamén no litoral, próximo á desembocadura se sitúan dous peiraos para dar cabida a actividades vinculadas á industria marítimo-pesqueira. Na vertente norte a pendente é moito máis pronunciada alcanzando cotas de 400 m próximas á serra do Barbanza, onde o uso predominante é o forestal. As cotas máis altas son lindeiras co parque eólico do Barbanza.

#### MORFOLOXÍA

A morfotopoxía responde ao uso tradicional de pequenos e numerosos núcleos con vivendas de baixo e planta espaxadas por toda a vertente sur da ladeira que transcorre a partir da vía AG 1.1. Hai outros núcleos próximos á zona máis elevada, alén do tramo da devandita estrada. Na zona do estuario atopámonos algunhas naves industriais.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

O complexo armazón viario desenvólvese principalmente entre os núcleos existentes a ambos os dous lados da vía do Barbanza, tamén hai outros camiños secundarios que relacionan o parcelario existente. Na serra existen pistas forestais e camiños de terra.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Unidade na que encontramos numerosos cruceiros e outros elementos relacionados coa arquitectura relixiosa como o Convento de San Xoán de Misarela, a igrexa de San Isidoro de Posmarcos xunto a súa casa reitoral, a capela de Guadalupe e a igrexa de Santa Cruz de Lesón. En suma, a arquitectura civil presenta conxuntos arquitectónicos singulares como o de Aldea Vella e outras construcións populares como o Pombal na Conga, as pontes sobre o río Pedras, nun tramo máis alto deste río encontramos os restos dunha antiga minicentral eléctrica e a ponte de Misarela. No patrimonio arqueolóxico destaca o castro da Croa de Posmarcos e a necrópole do Pomar, así como diversos petróglifos e mámoas.

#### O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Unidade cunha vertente de pendente moderada que transcorre cara ao litoral, estruturada a partir da conca do río Lérez, ao que se lle une polo noroeste, a subconca do río Pedras, con predominio do carácter rural agrario complementado co marítimo de usos marisqueiros e industriais relacionados. Na franxa litoral atópanse espaxados numerosos núcleos rurais de escasa entidade mesturados con parcelas agrícolas e bosques de piñeiros. A vía do Barbanza divide en dúas partes a unidade, as zonas máis elevadas pertencen á serra e nun plano máis baixo, onde se modera a pendente, hai algúns núcleos rurais cuxa continuidade se viu interrompida cos que se sitúan na franxa litoral, polo trazado da vía do Barbanza.

#### DINÁMICA DA PAISAXE

Obsérvase o crecemento dos núcleos e novos asentamentos debido á mellora e creación de novas redes viarias, sumándose a unha trama de edificacións de carácter rural bastante diseminada, sen chegar a formar núcleos relevantes pero mantendo a tipoloxía orixinaria. Doutra banda o abandono do uso agrícola beneficiou o incremento da masa forestal e a melloría da vexetación de ribeira. Con todo existen certas zonas escarpadas da serra nas que procesos de erosión, quizais debido aos incendios forestais, causaron perda na cobertura vexetal. A incorporación nesta zona montañosa de parques eólicos tamén motivou a desaparición do uso forestal.


#### RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### 3. AVALIACIÓN

#### VALORACIÓN DA PAISAXE

A unidade estrutúrase a partir dos ríos Lérez e Pedras, os núcleos vanse diseminados asentándose na vertente pola que transcorren, na zona máis baixa próxima ao litoral, desde a costa obtense unha conca visual que permite apreciar a profundidade deste paisaxe, coa serra do Barbanza ao fondo, que dota esta unidade dunha gran potencia. Destaca o castro da Croa de Posmarcos e a necrópole do Pomar, así como diversos petróglifos e mámoas. Escolléronse dous puntos de observación do conxunto da unidade, un deles no máis alto da serra onde se sitúan os aerogeneradores do parque eólico, no Campo da Estivada e o outro, máis abaixo, próximo á explanada dun campo de fútbol. O miradoiro da Curota ofrece amplas panorámicas das rías de Arousa e de Muros e Noia.



## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS





















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo









- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales                               |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



